

# PLAN DE IGUALDADE

---

*CURSO 2020/2021*

## Introdución

O noso centro leva dende o ano 2011 traballando de xeito decidido a prol dos obxectivos coeducativos.

Na actualidade constitúe **unha das marcas de identidade do noso Proxecto educativo** e así o recoñece a nosa comunidade educativa que considera o noso centro un espazo seguro de violencias machistas.

Nestes anos estivemos desenvolvendo as seguintes actuacións:

- Concretamos nos distintos plans de centro os obxectivos coeducativos: no PEC, na PXA, no Plan de convivencia, no Proxecto lector etc.
- Non houbo que activar ningún protocolo de condutas contrarias á convivencia (faltas de respecto, agresións, difusión de imaxes na Rede...) de momento.
- Fixemos campañas de sensibilización entre os distintos membros da comunidade educativa para informar e concienciar a familias, alumnado, profesorado sobre a igualdade de xénero, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade.

Desde a biblioteca houbo moitas iniciativas todos os anos:

- Biblioteca Espazo Libre de Machismo. Declaración 24 de marzo de 2017.
- Celebracións:
  - Día da muller
  - Día da violencia machista
  - Día das escritoras. 15 de outubro
  - Día de Rosalía. 24 de Febreiro
- Escolla de libros escritos por mulleres
- Concursos:
  - Concurso "Coma ti non hai outra". Mes de marzo: Escribir no blog unha descrición sobre unha muller importante na nosa vida. Curso 19-20
  - Concurso do Manifesto do 8 de marzo. Curso 18-19.
- Exposicións con temática de igualdade e visualización da muller.
  - 16-17: Exposición fotográfica *Xitanas* de Begoña Rodríguez.
  - 17-18: Maruxa Mallo

- 18-19: Heroínas de todos os días de Camino Casabella
- Escritora do mes. Curso 17-18
- Photocalls:
  - Curso 18-19: Maruxa Mallo en colaboración co Observatorio da Mariña pola Igualdade para difundir a obra da artista a través das diferentes etapas pictóricas da súa traxectoria e #lamujermasimportante en colaboración coa Asociación Bonhomía -campaña a nivel estatal- para valorizar a imaxe da muller na sociedade actual. Difusión nas redes sociais con alta participación.



- Curso 19-20: Campaña de Bonhomía “Sexo débil, los cojones”, con fotos de Lola Vendetta.
- Cada curso escolar realizamos actividades de sensibilización dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial:
  - 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero
  - 8 de marzo, Día Internacional da Muller
  - Celebracións LGBTI

Alén destas actuacións, que son de carácter obrigatorio segundo a normativa vixente, no noso centro emprendéronse as seguintes accións positivas para impulsar os obxectivos coeducativos. Enunciámolas de xeito xenérico:

- Elaboramos un plan de igualdade/coeducativo.
- Realizamos unha diagnose previa da percepción da situación da igualdade de xénero, da violencia de xénero e da violencia lgbtífóbica no centro.

## Contextualización normativa e do centro

Como xa indicamos, con anterioridade á Instrución do 6 de setembro de 2019 o noso centro xa recollía en distintos dos plans e documentos de organización accións relacionadas cos obxectivos coeducativos. Detállanse como segue:

- No **Proxecto Educativo de Centro (PEC)** os aspectos que se traballaron foron:
  - *Para promover a igualdade entre mulleres e homes*

a) *Fomentar e impulsar a igualdade entre homes e mulleres eliminando toda linguaxe sexista que poida existir na documentación do centro e nos medios de comunicación electrónica.*

b) *Propiciar, na medida do posíbel, nos órganos de goberno e nos representantes do alumnado a presenza equilibrada entre mulleres e homes.*

c) *Evitar estereotipos de xénero en contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación, segundo os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres.*

- No **Plan de convivencia** recóllense os seguintes puntos:
  - *Obxectivos xerais:*
    - *Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.*
  - *Obxectivos específicos:*
    - *Promover a relación de igualdade entre mulleres e homes.*
    - *Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual, de identidade de xénero e a diversidade funcional.*
- Nas **NOF** reguláronse:
  - *As faltas que atentan contra a igualdade entre homes e mulleres.*
- Nas **programacións didácticas** foron introducidas:
  - *Referencias ás contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente. Co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.*

## **Actuacións, Medidas e Programas Favorecedores da Convivencia**

Contemplamos tres tipos de actuacións: medidas preventivas, medidas formativas e medidas correctoras, das que daremos conta no apartado de normas de convivencia.

### **Medidas preventivas:**

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de orientación sexual, identidade de xénero e diversidade funcional.

### Medidas formativas:

Impulso de actuacións formativas dos distintos membros da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, especialmente, aquelas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre mulleres e homes e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

### Programa de loita pola equidade

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a fomentar o respecto da igualdade de sexos e da opción sexual individual, conforme ao recollido tanto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes como na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos. Incidiremos no uso dunha linguaxe inclusiva, nin sexista, nin cisheterocéntrica. Os escritos e documentos dirixidos desde o centro terán en conta este aspecto.

### Outras medidas que promoveremos son:

Seleccionar os textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto etc).

- No **Proxecto lector** recóllense o seguinte punto:
  - O desenvolvemento do Proxecto Lector axudará, a través da creación de hábitos lecto-escritores, a respectar os valores que se expresan no Proxecto Educativo de Centro: *A igualdade de trato, dereitos e deberes entre as persoas, calquera que sexa o seu sexo e a súa orientación sexual, a súa condición social, a súa orixe cultural e as súas circunstancias persoais.*
  - *Pero ademais a través do Proxecto Lector podemos axudar a:*
    - *A promover a igualdade entre mulleres e homes*
    - *Evitando estereotipos de xénero en contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación, segundo os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres.*

## **Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia**

POLO MOMENTO NON HAI DATOS SUFICIENTES RECOLLIDOS PARA REALIZAR UNHA DIAGNOSE. Para coñecer a situación de partida do noso centro e afrontar os desequilibrios sociais que se dan arredor do xénero, fixemos enquisas entre o alumnado/comunidade educativa co fin de coñecer os seguintes aspectos:

- A súa percepción das desigualdades de xénero que afectan a mulleres e homes.
- A súa vivencia persoal desas desigualdades (no centro, na familia etc).
- A súa percepción sobre a situación de discriminación no centro e os seus tipos (xénero, raza, idade, discapacidade, relixión, orientación sexual etc).

No noso centro **non se puido realizar un estudo completo** que nos permitise dispor dunha diagnose completa sobre a cal desenvolver axeitadamente o Plan de Igualdade debido a situación provocada pola declaración do Estado de Alarma que derivou na suspensión das clases presenciais, causado pola grave crise sanitaria vivida durante o curso.

Por esta razón, cara ao vindeiro curso escolar 2020/21 deseñaremos e realizaremos as enquisas acaídas que nos permitan coñecer o sentir do noso centro arredor da igualdade.

### **Obxectivos coeducativos:**

No curso 2020/2021 o noso centro tentará conseguir os seguintes obxectivos coeducativos:

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. **Fomentando a superación de estereotipos, prexuizos e discriminacións por razón de sexo, orixe, raza etc**, así como as desigualdades sociais e as xerarquías baseadas neses estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuizos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.
- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero ou acoso por razón de orientación sexual, identidade de xénero e diversidade funcional.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. **Educando na non discriminación das persoas pola súa orientación sexual**. Débese dar pautas de prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia. É preciso erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidación ou calquera outra estratexia de coacción.

### **Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:**

Para o curso 2020/21 o noso centro acordou realizar as seguintes medidas de actuación co fin de impulsar os obxectivos coeducativos. Detallámolos segundo o ámbito de actuación.

#### **Organización do centro:**

- Favorecer a representación dos homes e das mulleres nos órganos de decisión e representación para lograr unha representación máis equitativa.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Nomear unha persoa coordinadora en materia de igualdade no centro para dirixir as accións enmarcadas no Plan de igualdade.
- Constituír un equipo de traballo en materia de igualdade no centro para implementar as accións enmarcadas no Plan de igualdade.
- Difundir o plan de igualdade do centro entre os distintos axentes da comunidade.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Promover o uso dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas, de sensibilización etc.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar.
  - Para o 25 de novembro
  - Para o 8 de marzo
  - Arredor das datas de celebración LGBTI
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero. Con este obxectivo, decidimos modificar as programacións didácticas dos departamentos no curso.
- Promover entre o profesorado unha guía de identificación de estereotipos.
- Elaborar protocolos de actuación ante acoso o discriminación.

## Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Manter actualizadas as revisións das programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade sempre que se adapte as características do idioma.
- Promover un cambio metodolóxico a través da práctica docente desde unha perspectiva de xénero, co fin de producir o cambio cara á escola coeducativa. Para incidir nela, vaise promover:
  - A aprendizaxe cooperativa (frente á competitiva) como oportunidade para o tratamento do conflito entre iguais, a negociación, a toma de decisións compartida e o respecto pola diversidade do grupo.
  - As actividades nas que se fomente a aprendizaxe dialóxica (debate) e o espírito crítico fronte ás desigualdades.
  - As actividades nas que se practica a comunicación non violenta (positiva, asertiva) como estratexia para resolución pacífica de conflitos.
  - Abordar temáticas consideradas socialmente tabú, educativamente pouco abordadas, preocupantes socialmente etc. (educación afectivo-sexual, diversidade LGTBI, adiccións...) co fin de favorecer a visibilidade dos problemas existentes entre o alumnado.
- Revisar periodicamente o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.

## Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información, sempre que sexa posible, sobre novas, actividades e eventos relacionados con Igualdade, Violencia de xénero e tamén Diversidade LGTBI a través das distintas redes sociais nas da EOI e ademais a través dun taboleiro físico na entrada do Centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
  - Ampliar os fondos da biblioteca con lecturas coeducativas
  - Crear un “espazo lila” ou similar na biblioteca para visibilizar a sección coeducativa. Neste espazo tamén se poderían organizar Clubs de lectura etc.

- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Difundir contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real e efectiva.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero.

### Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover o **respecto** e o bo trato entre mulleres e homes.
  - establecer compromisos de aula/centro para o respecto entre iguais ante problemas de convivencia comúns.
- Promover o respecto cara á **diversidade** sexual e de xénero.
- Promover a **corresponsabilidade** na realización das tarefas.

### Seguimento e avaliación

Sendo este o primeiro ano que botamos a andar o plan de igualdade do centro, ao cabo do ano faremos balance para supervisar os seguintes aspectos:

- Cumprimento do plan establecido, actuacións que non se desenvolveron.
- Impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- Dificultades observadas no desenvolvemento das accións.
- Necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.

Para realizar esta avaliación final definiremos os indicadores de medida e os instrumentos de avaliación que se consideren máis axeitados para cada actuación.

- Nomeamento dunha persoa do **Consello Escolar** para que impulse e leve a cabo o seguimento de medidas educativas que fomentan a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
- Cartelería do centro, comunicados e documentos estarán escritos nunha **linguaxe coeducativa**.
- Biblioteca e páxina web empregará unha **linguaxe igualitaria e inclusiva**.

O plan de Igualdade terá un **carácter transversal**, polo que sempre e só na medida que isto sexa posible, e tamén adaptado as tipoloxía das actividades, incorporaranse os valores de igualdade en todas as actividades e para toda a comunidade educativa.



- O centro deberá elaborar unha **memoria** sobre as actividades e proxectos levados a cabo en materia de igualdade e realizará a avaliación en función do grao de implicación, influencia, así como consecución de obxectivos. Cada departamento didáctico achegará a súa parte.
- A finais de curso analizaranse e valoraranse estes datos e **estableceranse propostas de mellora** para os cursos seguintes, co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.
- Nos plans de lectura, resaltarase e analizarase o papel das mulleres en todos os ámbitos sociais e nas distintas etapas da historia e a súa contribución ao avance do saber, en especial, nas áreas consideradas tradicionalmente masculinas. Visibilizaranse outras opcións afectivo-sexuais, de identidade de xénero e diversidade funcional, contextualizando e incluíndo advertencias sobre aquelas lecturas ou filmes que poidan transmitir valores discriminatorios ou contrarios á igualdade.
- Nas **actividades de voluntariado**, fomentaranse actitudes e valores de igualdade no compromiso cos demais, coa mellora da sociedade e coa contribución desinteresada para o ben de todos.

Lugo, 24 de setembro de 2020